




# COSTA DE LOIBA

Adela Leiro, Mon Daporta  
outubro 2018



**Distancia:** 9 a 12 km (ida e volta)

**Dificultade:** media




Unha camiñada polos quilómetros de costa máis diversos e cheos de detalles sobresaíntes da extensa e variada costa de Galiza, con numerosos puntos panorámicos e fermosos recantos sorprendentes e espectaculares.

Este tramo da costa exterior de Ortigueira que se estende polas parroquias de Loiba e Céltigos, entre O Esteiro e a Pedra do Carro ou a Pedra Furada, aínda que no traxecto atopamos polo menos catro pedras furadas, é un espazo para percorrer de vagar e ver polo miúdo, ao que axuda o roteiro dos Camiños naturais do Cantábrico que, en diferentes etapas, permite percorrer o litoral desde Ribadeo a Ladrido, en Ortigueira.

A costa de Loiba é unha sucesión de puntas en cantís de diferentes alturas entre as que se acollen seus areosos de variada extensión, moitos quedan cubertos pola marea e non teñen acceso doado ou posible. O mar traballa nas praias con forza, polo que non son aconsellables para actividades de lecer, aínda que coa marea baixa son un fermoso lugar de paseo e achegan un punto de vista distinto e un encadre diferente aos lugares polos que transitamos.



A costa de Loiba está protexida no LIC/ZEC Estaca de Bares.



## PERCORRIDO

O percorrido de ida e volta podemos comezalo en calquera punto pero nós fixémoslo en Esteiro, deixando o coche onde remata o asfalto, e pola pista encamiñámonos cara ao mar. A medida que nos achegamos descubrimos ao outro lado do río, en Mañón, a **praia do Esteiro** e os illotes da Punta Herbosa. Chegando á costa descubrimos á esquerda as primeiras formas nos cantís e as rochas escuras altas e afiadas que resisten a forza do mar na **Punta Vilardeira** á que nos leva o camiño en costa. Detrás dela atopamos o seo que inclúe a **praia do Lousido**, sen acceso desde arriba, e a **praia do Picón**. Pasado o lugar do Picón hai unha área de descanso e unha longa escaleira de madeira que permite baixar á praia. A continuación da praia temos a **costa de Xuncos**, un cantil vertical de 50 m de altura que se prolonga no mar por unha ringleira rebastal de pedras afiadas, un lugar de panorámicas espectaculares entre o cabo Ortegal e a punta da Estaca de Bares, que son referentes ao longo de todo o camiño, e nela o único lugar recollido e con acceso “doado” (chanzos de madeira, pasamáns estragado e tramo final con corda) no que se asenta o inverosímil **Porto de Loiba**, protexido por unha gran rocha, no que, fóra da auga o do alcance das ondas, se gardan as gamelas coas que sae ao mar a xente do lugar. Detrás dos cantís de Xuncos fórmase outro seo no que se asentan as praias máis longas da zona e antes de chegar a elas o **miradoiro do Coitelo** un fermoso punto panorámico, desde aquí os cantís comezan a gañar altura, para chegar a superar os 100 m ao pé da punta de Pena Furada, e o camiño apártase un pouco da beira aínda cada pouco hai desvíos que permiten achegarse a ela. Ao pé do desvío ao **miradoiro do Cadaval** hai unha baixada á **praia Fabrega**, cun curto tramo final coa axuda de corda que é de agradecer, que coa marea baixa permite o paso doado entre as praias (**Fabrega, Lomba e Ribeira do Carro**) e facer pola area este tramo para achegarse, no seu remate, á máis espectacular formación rochosa da contorna a **Pena do Carro** ou **Pena Furada** onde damos por rematado o percorrido. Volvemos atrás, á praia da Ribeira do Carro, e pola costa do Carro subimos ao camiño do roteiro. Si seguimos por el antes de chegar ás casas hai un desvío á dereita que nos ofrece unha vista diferente da pedra do Carro e unha panorámica da **Ribeira Grande** ou **praia do Sarridal**. A volta farémola polo camiño dereito ata o Picón e logo pola estrada ata onde deixamos o coche. Se non facemos voltas nen desvíos, circulando só polo camiño sinalizado, percorremos case 5,5 km, a ida e algo menos de 4 km á volta. Se baixamos á praia Fabrega e percorremos as outras achegándonos tamén á Pedra Furada do Carro a cousa alóngase ata case os 8 km na ida.



Praia do Esteiro e punta Vilardeira



O río Esteiro é o lindeiro natural entre os concellos de Ortigueira e Mañón, no tramo final do seu percorrido. Na desembocadura forma unha pequena marisma pechada cunha barra de area na que hai dunas.



Punta Vilardeira





Praia de Lousido e cantís de Loiba



Praia de Lousido e punta Vilardeira. Ao fondo Bares




Praia do Picón



Cantís do Picón



No lugar do Picón consérvase a torre dun vello muíño de vento e preto, un hórreo típico da zona no que por debaixo do estragado enlucido se aprecia a coidada labor dos artesáns que o construíron.



Costa de Xuncos





Costa de Xuncos. Porto de Loiba



Unha pedra Furada no Porto de Loiba



Costa de Xuncos



Costa de Xuncos



Costa de Xuncos



Vista desde o Miradoiro do Coitelo



Entre o Picón e o miradoiro do Coitelo atópanse varios lugares de descanso entre eles o coñecido banco de Loiba, no miradoiro do Coitelo.



Praia Gaivoteira



Praia Fabrega



Praia Fabrega



Praia Fabrega



Os Castros, entre as praias Fabrega e da Lomba



Praia da Lomba



A Pacheira, entre as praias da Lomba e da Ribeira do Carro



Praia da Ribeira do Carro



Punta da Pena Furada e O Quelle



Caneiras de Quelle



Caneiras de Quelle



Vista desde o alto da Ribeira do Carro



Pena Furada, do Carro ou Tres Marias



Bufadoiro na Pena Furada



Praia do Sarridal ou Ribeira Grande desde o miradoiro de Rubido



Un dos elementos destacados desde tramo de costa é o tipo de rochas (lousas, cuarcitas, xistos, metavulcanitas...) e a disposición das mesmas en bandas das mesmas que ao seren erosionadas dan lugar á aparición de cantís, illotes, agullas, furnas e furados. Por toda a zona podemos ver tamén fermosos exemplos de dobras e fallas.

